




Area / Unidade CONTRATACION CT0000 JPU	Documento 43018I02R2	
Código de verificación  2B6J 444N 2P0M 3C1D 01CD	Expediente 521/2024/500	
	Data 26-07-2024	

Asunto CERTIFICADO MESA DE CONTRATACION DO 19 DE XULLO DE 2024. SOBRE 1 DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REQUISITOS PREVIOS. DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DA ILUMINACIÓN ORNAMENTAL TEMPORAL DO NADAL E ENTROIDO DO CONCELLO DA CORUÑA.	Interesado
---	------------

Dona MÓNICA VALES RODRÍGUEZ, xefa do Departamento do Servizo de Contratación e secretaria da Mesa de Contratación do Concello da Coruña,

CERTIFICA:

Que na Mesa de Contratación do 19 de xullo de 2024 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

4. SOBRE 1 DECLARACIÓN RESPONSABLE E DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA REQUISITOS PREVIOS

4.2. – Licitación 521/2024/500

Deseño, subministración e instalación da iluminación ornamental temporal do Nadal e Entroido do Concello da Coruña

A Secretaria informa das proposicións recibidas e do nome dos licitadores presentados ao procedemento para a licitación do *Deseño, subministración e instalación da iluminación ornamental temporal do Nadal e Entroido do Concello da Coruña*:

Número un e única. – Iluminaciones Ximénez, S.A.U.

A continuación, a Secretaria da Mesa expón que, en data 17 de xullo de 2024, procedeuse polo Servizo de Contratación ao descifrado e apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e acreditativa dos requisitos previos da licitación, de acordo coa posibilidade que ofrece a Plataforma de Contratación do Sector Público de realizar a apertura deste sobre con anterioridade á celebración da Mesa de Contratación, coa finalidade de axilizar as sesións da Mesa.

Así mesmo, dáse conta aos membros da Mesa de Contratación do resultado do exame da documentación administrativa, tal e como consta na Plataforma de Contratación do Sector Público, e de conformidade co establecido no art. 140 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Para os efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a Secretaria da Mesa de Contratación certifica neste acto que o licitador presentou de forma correcta a documentación administrativa, polo que a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, a súa admisión ao procedemento por achegar toda a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas.



Concello da Coruña

Acorda igualmente publicar o resultado desta apertura na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento, e proceder á apertura do sobre 2, que contén as propostas suxeitas a avaliación mediante xuízo de valor, nesta mesma sesión.

E para que así conste, expido o presente certificado para os efectos oportunos e de incorporación ao expediente dixital do que trae causa.

A Coruña, na data da sinatura dixital do presente documento.

A secretaria da Mesa

Mónica Vales Rodríguez

VºBº

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada